



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 656

VI lexislatura

25 de outubro de 2004

SUMARIO

3. Procedementos de control e impulso

3.2. Comunicacóns da Xunta de Galicia

3.2.3. Resolucións aprobadas

— Resolucións subseguintes ao debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. 41994

3. Procedementos de control e impulso

3.2. Comunicacóns da Xunta de Galicia

3.2.3. Resolucións aprobadas

Resolucións subseguintes ao debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Pleno da Cámara, na sesión do 5 de outubro de 2004, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación de resolucións subseguintes ó debate de política xeral

06/DEBA-0003 (17646)

BOPG núm. 639, do 29.9.2004

Resolucións resultantes de transaccións elaboradas verbo das propostas de resolución presentadas polo G.P. do BNG (doc. núm. 18208), co contido literal seguinte:

Núm. 12

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar desenvolvendo as medidas necesarias que permitan a adaptación dos centros de reeducación á filosofía da Lei 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 45

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que, á vista do plan de viabilidade que poidan presentar as cooperativas, nomeadamente Feiraco, estude a posibilidade de acadar os instrumentos financeiros específicos para a posta en marcha dese plan.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 93

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central unha vez máis co fin de que este garanta o dereito dos galegos e das galegas no exterior, así como das persoas retornadas, a acceder ás diferentes prestacións sociais, económicas e sanitarias que como cidadáns do Estado español lles deben ser recoñecidas.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 94

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central unha vez máis co fin de que este lles garanta aos galegos e ás galegas no exterior os dereitos universais, cívicos e sociais que como cidadáns do Estado español lles corresponden.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 97

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a requirir do Goberno a instauración dos xulgados do mercantil nas cidades de Santiago de Compostela, Vigo, Lugo, Ourense e Ferrol.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 107

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a presentar nun prazo de seis meses, desde a remisión das conclusións que aprobe a Comisión non Permanente de Estudo da Situación e Propostas de Mellora en Materia de Seguridade Vial, un novo plan de seguridade vial, con investimentos priorizados en función do nivel de perigosidade e nós conflitivos na estrutura viaria da súa competencia.

A Xunta de Galicia reclamará do Goberno español a presentación dun plan integral de seguridade vial para Galicia, con orzamento comprometido que permita priorizar urxentemente actuacións na materia.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 144

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Instar a transferencia da xestión e da explotación do espectro radioeléctrico no territorio galego.

2.- Establecer negociacións cos organismos competentes para o establecemento dun dominio galego.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 148

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a esixir perante o Goberno central unha participación plena para impulsar o cumprimento dos obxectivos e compromisos derivados do protocolo de Quioto e da Directiva 2003/87/CE, co obxecto de reducir as emisións globais de CO₂ e demais gases de efecto invernadoiro, garantindo adecuadamente a compatibilización da redución das emisións e a competitividade dos sectores afectados da economía galega e o mantemento dos postos de traballo, e promovendo, logo de consulta cos sectores afectados, un conxunto de medidas para reducir as emisións nos sectores non regulados pola directiva, en especial no sector do transporte e as derivadas do consumo enerxético no sector doméstico.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolución resultante da transacción elaborada verbo da proposta de resolución núm. 8 do G.P. Popular (doc. núm. 18210) coa núm. 171 do G.P. do BNG (doc. núm. 18208), co contido literal seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Elaborar e desenvolver as Normas técnicas de planeamento previstas na Lei 9/2002.

2.- Elaborar unha guía para a realización dos plans especiais de:

- Mellora dos núcleos rurais.
- Mellora do medio rural.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolucións resultantes de transaccións elaboradas verbo das propostas de resolución presentadas polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 18209), co contido literal seguinte:

Núm. 36

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a afondar na mobilización de todos os recursos de carácter institucional e, así como vén facendo ata agora, a utilizar os organismos do Estado ou de calquera outra índole, así como os persoais para chegar á maior parte dos galegos no exterior.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 37

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha os mecanismos políticos que permitan integrar o potencial humano, empresarial, cultural, económico e intelectual dos galegos residentes no exterior nun proxecto estratéxico vinculado á Galicia do futuro. Para este fin, o Goberno galego adoptará as seguintes medidas:

a) Dedicará, nos vindeiros orzamentos, recursos económicos suficientes que permitan a incorporación do empresarialado emigrante a este proxecto.

b) Deseñará políticas educativas, dotadas economicamente nos vindeiros orzamentos da Comunidade Autónoma, que incentiven e promovan a incorporación de descendentes dos galegos ao mundo educativo, económico, social e cultural de Galicia.

c) Afondará nos proxectos de protección, recuperación e repatriación do rico patrimonio cultural da emigración.

d) Deseñará políticas específicas dirixidas aos galegos que residen noutras comunidades autónomas, e aos seus descendentes, co fin de garantir a súa vinculación económica, cultural e social coa terra da que proceden.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 45

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar no Parlamento un plan de infraestruturas deportivas de carácter plurianual, no que se terán en conta as necesidades das diferentes zonas de Galicia, así como as prioridades de dotación de equipamentos deportivos para suplir as carencias detectadas.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 77

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á posta en marcha dun plan integral, nun prazo de seis meses, para a redución da temporalidade laboral, que preveña:

- A redución á metade da temporalidade na Administración autonómica nos vindeiros catro anos.

- Un acordo autonómico polo emprego estable e de calidade concertado cos axentes económicos e sociais, no marco do comité autonómico de emprego, que incida especialmente nas políticas activas de emprego dirixidas á mocidade e ás mulleres.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 79

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha as actuacións necesarias para conformar a rede de grandes cidades de Galicia, nas que se prevexan:

- A conexión, por autovía, entre as grandes cidades de Galicia.

- A implantación de trens rápidos entre as grandes cidades e o transporte de proximidades (trens, tranvías, metros lixeiros) nas áreas urbanas.

- O establecemento de billete único no transporte público intermodal de viaxeiros nas áreas urbanas.

- O fomento de intermodalidade, mediante a construción de estacións intermodais e de plataformas loxísticas, mellorando a conectividade de portos e aeroportos coas cidades.

- O establecemento dun fondo para axudas ao transporte público de viaxeiros cun incremento mínimo do 30% para o ano 2005.

- A creación de consorcios entre as administracións e o sector privado para a xestión coordinada da rede de portos e aeroportos de Galicia.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolucións resultantes de transaccións elaboradas verbo das propostas de resolución presentadas polo G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 18210), co contido literal seguinte:

Núm. 52

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno central que nun prazo de seis meses poña en marcha as reformas normativas precisas que, consonte a Proposición non de lei núm. 2145, garantan a representación

e valoración da poboación ausente como poboación de pleno dereito.”

Aprobada pola unanimidade dos 73 deputados e deputadas presentes.

Núm. 12

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para:

1.- Que se dirixa ao Goberno central para que se aproben con urxencia medidas fiscais e en materia de Seguridade Social que palién a difícil situación que o actual prezo dos carburantes lles está a provocar aos sectores da agricultura, pesca e transporte.

2.- Que adopte as medidas necesarias para erradicar as prácticas restritivas da competencia no sector da distribución final de hidrocarburos.

Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galicia para que manteña e, se é o caso, estableza liñas de crédito preferente para os citados sectores compatibles coa normativa que ao respecto teña establecida a Unión Europea.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 26

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para:

- Que se dirixa ao Goberno do Estado e demande que se proceda a retirar o carácter básico da norma de creación das cámaras agrarias provinciais, co fin de proceder á súa disolución.

- Que o Goberno de Galicia lle remita ao Parlamento un proxecto de lei polo que se proceda á disolución das cámaras agrarias provinciais e á creación dun organismo de ámbito galego que poida representar unitariamente o sector agrario.

Unha vez elixido o citado organismo, disolveríanse as cámaras agrarias.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolucións aprobadas sen modificacións, do G.P. do BNG (doc. núm. 18208), co contido literal seguinte:

Núm. 17

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia á planificación e dotación das prazas de escolas infantís que se precisan, garantindo a igualdade deste servizo en todo o territorio galego.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 98

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a remitir o documento para a aprobación provisional das directrices de ordenación do territorio, conforme o mandato parlamentario e en cumprimento da Lei 10/1995 e da disposición oitava da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 100

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que lle remita o Plan sectorial de ordenación do litoral, de conformidade coa disposición transitoria oitava da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e cos derradeiros compromisos parlamentarios.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 110

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas, perante o Goberno español e Comisión Europea, co obxectivo de acadar un acordo pesqueiro con Angola que permita o reinicio da actividade extractiva da nosa frota nese caladoiro.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 112

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a xestionar perante o Goberno español e a Unión Europea a adopción de medidas que permitan o incremento da cota de captura de bacallau para a frota galega e a articulación de medidas sociais destinadas aos mariñeiros embarcados nestes buques durante o tempo non traballado, tanto no referente á percepción das indemnizacións económicas coma en axudas á cotización á Seguridade Social.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 124

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a examinar, avaliar e dispoñerse a executar as medidas contidas nos ditames da Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, do Parlamento galego, aprobados por unanimidade nesta Cámara.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 130

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a promover e presentar no Parlamento, durante o actual período de sesións, o Plan galego de promoción turística, de acordo cos seguintes obxectivos:

- Que fomente en toda a promoción exterior a imaxe de Galicia como unidade de destino turístico.

- Que amplie a “imaxe de marca turística” de Galicia e que a estenda cara a segmentos nos que Galicia conta cunha grande vocación e potencialidade de desenvolvemento.

- Que contribúa, xunto coas medidas adecuadas, a difundir unha imaxe de calidade no servizo e de profesionalidade.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 133

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a incrementar os fondos dedicados ás políticas activas de emprego, reclamando do Goberno do Estado unha maior achega dos fondos estatais e europeos, co obxectivo de que estes alcancen a mesma porcentaxe sobre o PIB ca a media da UE.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas.

Núm. 138

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que, dentro do prazo dun ano, presente no Parlamento o deseño, a programación e a promoción dunha estratexia de fomento da cooperación e de conformación de redes e conglomerados empresariais, cos obxectivos de incrementar as relacións inter e intrasectoriais, facilitar o impulso da innovación e mellorar a competitividade do noso territorio:

1. En relación coas grandes empresas presentes na economía galega, sexan públicas, privatizadas ou privadas, desenvolver unha estratexia orientada ao peche de ciclos produtivos, ampliando a cadea de valor xerada no noso país e a implantación de departamentos de investigación, así como o establecemento de acordos regrados coas súas empresas subcontratistas e provedoras locais e galegas, na procura da mellora da produtividade e da calidade dos produtos e servizos.

2. Promover a conformación de redes de empresas de carácter horizontal, dada a limitada dimensión da maioría das empresas -pequenas e microempresas- que compoñen o tecido produtivo galego, participando activamente a Administración galega na formalización dos acordos entre empresas, que afectarán, segundo os casos, o ámbito produtivo, o comercial, o tecnolóxico, o de formación, o de enxeñería e o de deseño, baseados na reciprocidade de vantaxes e na procura de sinerxías, que favorezan a súa posición competitiva.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 142

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a elaborar con carácter urxente, e presentar no Parlamento para o seu debate, un informe sobre a situación actual e as perspectivas de desenvolvemento das novas tecnoloxías en Galicia, que sirva de guía para a definición dunha política estratéxica nesta materia.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 145

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para que no ano 2005 se cumpra o obxectivo mínimo comunitario de que as conexións a Internet en banda ancha sexan do 50% para os sectores doméstico e empresarial, e do 100% no caso das administracións públicas; adoptar medidas de apoio financeiro para impulsar o incremento do parque de ordenadores nos fogares galegos, e adoptar as medidas precisas para dotar todos os centros educativos cun número suficiente de ordenadores, contando con acceso a Internet a través dunha infraestrutura de banda ancha.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 146

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias orientadas ao impulso do correo e comercio electrónico e da produción de contidos para a rede, promovendo a presenza da cultura e da lingua galegas en Internet, fomentando a incorporación de empresas e produtos galegos ao comercio electrónico e potenciando a industrialización en todos os campos ligados ás novas tecnoloxías.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 150

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas perante o Goberno central:

a) Para estender a vixencia do actual Plan de desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras do carbón até o ano 2010.

b) Para impulsar o asinamento dos convenios específicos de infraestruturas previstos no Protocolo de colaboración e acordos suplementarios, así como a extensión destes últimos, de maneira que a participación galega nos fondos estatais de desenvolvemento das comarcas mineiras sexa concordante coa diminución dos cadros de persoal realizada e que se vai realizar, tal como se establece normativamente.

c) Para impulsar un incremento da participación galega no programa estatal de reindustrialización de zonas desfavorecidas.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 153

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas urxentes precisas para facer posible o cumprimento íntegro do compromiso da Xunta de Galicia e do Ministerio de Fomento, tanto en calidade coma en prazos de execución, relacionado co conxunto de infraestruturas viarias e de saneamento previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia aprobado o 6 de abril de 2001 sobre o ‘Plan de infraestruturas das comarcas da Mariña luguesa, Ortegal, Eume e Ferrolterra’.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 154

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a levar a cabo as actuacións políticas precisas perante o Goberno central dirixidas ao establecemento dun novo marco para o FCI, elevando a súa dotación para que lle permita xogar realmente o papel constitucional que ten atribuído -corrección dos desequilibrios territoriais e facer efectivo o principio de solidariedade-, así como para tomar en conta as restricións derivadas da futura política rexional europea como consecuencia da ampliación e da política de estabilidade orzamentaria vixente.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 155

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a promover con urxencia unha negociación co Goberno central orientada a conseguir que se tomen en consideración os acordos xa adoptados e os que se poidan adoptar no futuro na Comisión non Permanente para o Seguimento e a Avaliación do ‘Plan Galicia’.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 168

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia á realización dun estudo do impacto no prezo da vivenda en Galicia e das actuais cualificacións de vivendas de protección oficial e protexida, en relación coa actual clasificación por categorías dos concellos.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 175

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que elabore, en seis meses, un plan de dotación de infraestruturas portuarias, nos portos da súa competencia, que comprenda:

- a) A construción de accesos aos portos.
- b) A dotación de infraestruturas de servizo para subministración de auga, electricidade e combustible.
- c) A dotación de servizos de varada e reparación de redes.
- d) A dotación de instalacións de salvamento marítimo.

e) A dotación de instalacións de frío e comercialización.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas.

Núm. 176

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que a Consellería de Economía e Facenda estableza baremos públicos de honorarios, de xeito máximo, nas actuacións de peritos na valoración pericial contraditoria.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Resolucións aprobadas sen modificacións, do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 18209), co contido literal seguinte:

Núm. 31

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar decididamente a investigación en biomedicina e biotecnoloxía, fundamental para o tratamento futuro de enfermidades como o Alzheimer, a diabete, o infarto de miocardio e a artrose, que afectan a dúcias de miles de persoas.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 59

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reforzar a protección pública dos recursos pesqueiros.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 60

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a potenciar a investigación en biotoxinas, menciñas para a piscicultura, novos produtos da pesca, mercados, etc.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 52

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que tras a difícil situación de IZAR, agravada polo expediente C40/2000 sobre axudas ao naval, lle demande ao Goberno central e á SEPI a elaboración dun plan industrial global do grupo IZAR, que estableza a actividade civil e militar no seu conxunto, acordado cos sindicatos e consensuado coas comunidades autónomas e cidades afectadas, que desde o

control público posibilite a conformación dual dos centros galegos, sen abandonar a nosa capacidade produtiva e tecnolóxica nas distintas áreas de negocio.”

Aprobada por 57 votos a favor, 17 en contra e 0 abstencións.

Resolucións aprobadas sen modificacións, do G.P. Popular (doc. núm. 18210), co contido literal seguinte:

Núm.1

“O Parlamento de Galicia, para continuar avanzando no desenvolvemento do autogoberno, insta a Xunta de Galicia para que reitere ante a Administración xeral do Estado a apertura de negociacións, coa maior brevidade posible, para o traspaso das trinta e dúas materias enumeradas na segunda parte do documento ‘Desarrollo institucional del estado de las Autonomías y del ámbito competencial de la Comunidad Autónoma de Galicia’, que lle foi entregado polo Sr. presidente da Xunta de Galicia ao Sr. ministro de Administracións Públicas o día 6 de maio de 2004, á Sra. vicepresidenta 1.^a o día 5 de xuño de 2004 e ao Sr. presidente do Goberno da nación o día 14 de xuño de 2004.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 2

“O Parlamento de Galicia, co obxectivo de que a Comunidade Autónoma de Galicia continúe avanzando no desenvolvemento do seu autogoberno, insta a Xunta de Galicia a defender, no debate aberto sobre a reforma constitucional do Senado, as posicións expresadas polo presidente da Xunta de Galicia nas súas comparecencias na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas, de setembro de 1994 e de marzo de 1997, amparadas en numerosas ocasións polo Parlamento de Galicia para converter a Cámara Alta nunha auténtica cámara de representación territorial.

Unha reforma que, desde o consenso e o respecto á igualdade básica entre as comunidades autónomas que a Constitución consagra, se oriente:

Á modificación da composición da Cámara Alta para incrementar o número de senadores de representación autonómica.

Á reforma das competencias das cámaras lexislativas para que o Senado obteña unha especialización funcional e un papel preponderante na lexislación estatal que incida nos ámbitos competenciais das comunidades autónomas.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 3

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a apoiar a creación dunha Conferencia de Presidentes, como órgano de impulso político do máximo nivel e de supervisión da cooperación entre as comunidades autónomas e o Estado. Para iso, a Xunta defenderá o modelo de Conferencia de Presidentes recollido na documentación presentada polo presidente da Xunta de Galicia ante este Parlamento no debate sobre o estado de Autonomía de 1994, e defendido nas comparecencias do presidente da Xunta na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, de setembro de 1994 e de marzo de 1997.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 4

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que esta á súa vez inste do Goberno do Estado a articulación dun modelo flexible e eficaz que garanta a participación directa das comunidades autónomas no marco do ‘Consejo de Ministros da UE’ en todos aqueles asuntos relacionados coas súas competencias.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 10

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, antes de finalizar o ano 2005, comece a implantar nas provincias de Ourense e Lugo, pola súa especial consideración rural, o Plan de transporte rural e comarcal de Galicia.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 11

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que poña en marcha o ente tributario de Galicia que asuma as competencias de xestión, recadación e inspección dos tributos propios e dos cedidos na súa totalidade á Facenda galega.

O ente tributario de Galicia levaría a cabo as tarefas de coordinación fiscal e tributaria coa axencia estatal, así como a representación que á Comunidade Autónoma lle corresponda no citado ente estatal.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 16

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que participe na expedición dos certificados de profesionalidade.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 17

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno da nación a adaptación da regulamentación actual do Fondo de Cohesión Sanitaria ao establecido na Lei de cohesión e calidade do sistema nacional de saúde.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 19

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que realice unha análise da repercusión asistencial que o avellentamento da poboación de Galicia ten na área de atención especializada do Sergas.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 20

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar os esforzos necesarios para poñer en marcha actuacións preventivas dirixidas a aqueles adolescentes e menores que son sancionados polo consumo de drogas en lugares públicos por aplicación do artigo 25.1 da Lei orgánica 1/92, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 21

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a solicitar dos medios de comunicación social, públicos e privados, unha programación en horario infantil que estimule a creación e formación de actitudes positivas nos nenos e nenas e que contribúa á educación en valores como instrumento complementario da súa educación e formación. Así mesmo,

instase os medios de comunicación a respectar e protexer a identidade dos menores en calquera situación na que estes se poidan atopar, de acordo co establecido na Declaración universal dos dereitos do neno e no noso ordenamento xurídico.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 23

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a definir normas que favorezan o emprego de residuos de base orgánica para a restauración de espazos degradados.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 29

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a presentar un plan cuadrienal de formación no eido do consumo que abranza a formación tanto dos profesionais coma dos distintos sectores da sociedade.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 31

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver, en colaboración cos concellos e coas entidades empresariais, un programa para dotar aquelas zonas de concentración de ocio nocturno de servizos de transporte público colectivo e contribuír deste xeito á redución da sinistralidade entre a xente nova.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 32

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a introducir a posibilidade de presentación e pagamento telemático do imposto sobre sucesións e doazóns.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 33

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia á elaboración dun programa informático de axuda para a presentación do imposto de sucesións.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 35

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a elaborar, por parte da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda, de acordo coa lexislación vixente, un inventario de bens mobles. Nunha primeira fase, a elaboración do inventario só afectaría os bens mobles dos edificios administrativos.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 36

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que o Igape, na súa liña de apoio ás pemes galegas, afonde na mellora competitiva das pemes, apoiando todas as accións conducentes á mellora da xestión, ao incremento da capacidade produtiva e á innovación dos procesos e produtos.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 39

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que o Igape apoie os proxectos de emprendedores que xurdan no ámbito de sectores emerxentes, de alto valor engadido e escasa implantación.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 40

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que, como froito dos traballos que se están a realizar no seo da Mesa polo Libro e a Lectura, traballe co sector e todas as partes implicadas na elaboración dunha lei do libro e a lectura, dunha lei de bibliotecas, dun plan de fomento da lectura e dun plan estratéxico de axudas para as empresas relacionadas co mundo do libro.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 41

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a procurar unha continuidade das actividades culturais entre Galicia e o norte de Portugal, de xeito que exista interrelación efectiva en todas as áreas: as artes escénicas e musicais, as letras, as artes plásticas, etc., e a establecer vías de comunicación cultural estables a través de publicacións e guías de recursos comúns tanto de efectivos humanos coma de infraestruturas culturais.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 42

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de sinalización turística co obxecto de mellorar e homoxeneizar a sinalización turística da Comunidade Autónoma, para facer máis accesibles os recursos aos visitantes, e a buscar a colaboración entre todos os entes con competencias na materia para que asuman este plan (concellos, deputacións, padroados de turismo, consorcios..., etc.).”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 44

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para a potenciación do asociacionismo local, promovendo, entre outras, medidas orzamentarias e de carácter normativo que favorezan o papel das mancomunidades, consorcios e áreas metropolitanas como instrumentos para a prestación de servizos locais, especialmente no que se refire aos pequenos concellos.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 45

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia á axilización do estudo global sobre a demarcación dos partidos xudiciais galegos e sobre a planta xudicial necesaria para o correcto funcionamento da Administración de xustiza en Galicia.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 46

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a continuar, ata o seu remate, co desenvolvemento do Plan galego de parques contra incendios e salvamento, co obxectivo de estender esta cobertura á totalidade do territorio galego, mediante a construción de novos parques comarcais alá onde fose necesario, a comarcalización dos parques das cidades e o reforzamento dos medios de protección civil.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 47

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno central:

1.- O apoio financeiro, material e técnico para o Hospital Gallego de Buenos Aires, a Casa de Galicia de Montevideo e aquelas outras entidades asociativas, sanitarias e asistenciais do exterior, canalizando a utilización destes por parte dos beneficiarios das políticas sociosanitarias como elemento básico para a garantía dos dereitos sociais e sanitarios da diáspora.

2.- O deseño de programas de prevención ou emerxencia social para os emigrantes españois residentes en Venezuela e aqueles outros nos que a situación sociosanitaria o aconselle.

3.- A ampliación do Plan español integral de saúde, co fin de garantir unha cobertura ampla e completa para a nosa poboación no exterior, en Arxentina, Venezuela, Uruguai e México.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 48

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno central que fagan os trámites para:

1.- O traslado, no momento do retorno do emigrante, da pensión asistencial por anciandade recoñecida e percibida no país de emigración, co fin de evitar períodos de desamparo.

2.- As modificacións procedementais, e todas as que sexan necesarias, para atender realmente en tempo máximo de seis meses os expedientes de homologación de titulacións, diplomas e categorías profesionais.

3.- A extensión a novos países receptores dos convenios de troco de permisos de conducir expedidos naqueles e habilitar entrementes as prórrogas precisas do período de validez dos permisos expedidos no estranxeiro cos que contan os retornados.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 51

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver un proxecto de incorporación das comunidades galegas ás novas tecnoloxías da comunicación, co fin de poder, deste xeito, potenciar as actividades asistenciais, formativas e culturais e vertebrar un espazo de interrelación entre elas e con Galicia, conforme os últimos avances no eido da intercomunicación telemática.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 53

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno central co fin de:

1.- Constituír un grupo de traballo que estude as posibilidades e o alcance competencial e orzamentario de cara a articular, vía convenios, a dotación de recursos por parte da Administración xeral do Estado en beneficio das comunidades autónomas en materia de información, orientación, acollida e asistencia social ao colectivo retornado e inmigrante.

2.- Redactar e desenvolver un plan integral sobre os retornados en cooperación coas comunidades autónomas que abranxa a información, a formación, o asesoramento e a orientación en orixe e destino.”

Aprobada por 57 votos a favor, 0 en contra e 17 abstencións.

Núm. 5

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, co fin de garantir o cumprimento íntegro do Plan Galicia e en particular o calendario para o remate das súas infraestruturas aprobado polo Congreso e o Senado o 22 de xuño de 2004, leve a cabo todas as xestións oportunas dirixidas a lograr que o Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado sexa modificado no trámite parlamentario a través das correspondentes emendas, no sentido de incluír unha dotación estimada de 1559 millóns de euros destinada exclusivamente a dar cobertura ás actuacións recollidas no Plan Galicia, dando cumprimento ao disposto na Resolución do Parlamento de Galicia do 28 de xullo de 2004 e de conformidade co previsto na proposición non de lei aprobada pola Comisión de Fomento e Vivenda do Congreso dos Deputados o pasado día 5 de outubro.”

Aprobada por 58 votos a favor, 0 en contra e 18 abstencións.

Núm. 13

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Rexeitar a segregación civil-militar proposta pola SEPI. É dicir, manter a dualidade actual que foi a orixe de IZAR.

Aprobado o punto 1 por 41 votos a favor, 32 en contra e 0 abstencións.

2.- Implantar na baía de Ferrol un sistema de xestión integrado civil-militar, aproveitando sinerxías e mellorando a produtividade do sistema.

3.- Poñer en marcha un plan estratéxico de desenvolvemento que integre a industria auxiliar da comarca, que ademais de que por razóns históricas e de cultura industrial non ten outra alternativa que seguir ligada ao naval, son estratéxicas na competitividade de calquera estaleiro con actividade naval e civil, ao ter unha participación maioritaria na cadea de valor.

4.- Seguirlle ofrecendo a súa colaboración ao Goberno central para que, unha vez se dispoña da información detallada sobre o Plan da SEPI, e estudada esta en profundidade, poidan decidirse actuacións concretas.”

Aprobados os puntos 2, 3 e 4 por 57 votos a favor, 17 en contra e 0 abstencións.

Núm. 18

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar os esforzos necesarios para dispoñer do perfil farmacoterapéutico por paciente de todos os usuarios do Servizo Galego de Saúde.”

Aprobada por 41 votos a favor, 15 en contra e 16 abstencións.

Núm. 7

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar as xestións necesarias para a asunción por parte da Comunidade Autónoma da titularidade das autoestradas AP-9 (Ferrol-Tui) e AP-53 (Santiago de Compostela-Alto de Sto. Domingo).”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 15

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a promover a creación da figura do orientador laboral e o establecemento dunha rede de atención deles nas oficinas do Servizo Público de Emprego.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 25

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a tomar as iniciativas lexislativas necesarias para que o dereito de acceso

á propiedade dos parceiros e arrendatarios rústicos históricos da nosa Comunidade, recoñecido na Lei 3/93, do 16 de abril, das parcerías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia, ata o 31 de decembro de 2005 continúe sendo recoñecido a partir desa data.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 28

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un novo plan de modernización do sector comercial retalista de Galicia que, aproveitando a experiencia obtida, dea continuidade ao programa que rematará a finais de ano.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 30

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas encamiñadas para impulsar o Plan de recuperación de fortalezas, como instrumento de posta en valor e protección do noso patrimonio cultural, potenciando a dimensión sociocultural destes bens e contribuíndo á dinamización económica do territorio no que se asenta.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 37

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que nos programas de apoio do Ágape a proxectos empresariais, nos que se considera a creación de emprego do proxecto para determinar a intensidade das axudas, se compute unicamente o emprego de carácter indefinido.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 49

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno central co fin de arbitrar os cambios normativos que permitan a concesión inmediata e automática de visados especiais para os netos dos españois residentes no estranxeiro, co fin de que poidan alcanzar a nacionalidade española, facilitándolles o período de residencia legal esixido.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 50

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno central co fin de constituír colexios electorais na diáspora e introducir e regular o voto electrónico, como medidas máis adecuadas para perfeccionar o exercicio do voto.”

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Núm. 6

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar os trámites técnicos e administrativos que permitan que en 2005 a totalidade das actuacións do Plan de dinamización económica de Galicia se atopen como mínimo en fase de licitación e/ou expropiación.”

Aprobada por 41 votos a favor, 0 en contra e 33 abstencións.

Núm. 9

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a establecer, en colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, un foro permanente de discusión nas materias de restauración e rehabilitación tanto do territorio coma de vivenda, con capacidade de realizar estudos e análises nas devanditas materias e nas de organización e ordenación do territorio, urbanismo e política de vivenda.”

Aprobada por 41 votos a favor, 0 en contra e 33 abstencións.

Núm. 14

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a afondar na promoción do emprego feminino, a través dunha política laboral e de emprego tendente ao progresivo incremento da participación da muller no mercado de traballo, ata acadar a equiparación de ambos os dous xéneros.”

Aprobada por 41 votos a favor, 0 en contra e 33 abstencións.

Núm. 22

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a abordar unha análise sociolóxica da percepción que a poboación ten sobre os danos reais que orixinan os incendios forestais nas zonas máis afectadas, de cara á posta en marcha dunha campaña de sensibilización específica e adecuada ás principais conclusións que dela deriven.”

Aprobada por 41 votos a favor, 0 en contra e 33 abstencións.

Núm. 24

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar coa difusión do concepto de sostibilidade entre o empresariado galego, facendo un especial fincapé nas pequenas e medianas empresas por seren unha parte moi representativa do noso tecido empresarial.”

Aprobada por 41 votos a favor, 0 en contra e 33 abstencións.

Núm. 27

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1.- Á posta en funcionamento das infraestruturas de banda ancha, e a que nun período de tres anos se emita un informe sobre a resolución das carencias detectadas nas posibilidades de acceso de cidadáns e empresas á sociedade da información.

2.- A desenvolver un plan de promoción que lles facilite a todos os cidadáns o coñecemento e manexo das TIC para a mellora das súas capacidades persoais e profesionais.”

Aprobada por 41 votos a favor, 0 en contra e 33 abstencións.

Núm. 34

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a implantar un sistema telefónico centralizado de asistencia e información ao contribuínte.”

Aprobada por 41 votos a favor, 0 en contra e 33 abstencións.

Núm. 38

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a deseñar e poñer en marcha plans de actuacións tendentes a, por unha banda, favorecer a captación de investimentos empresariais que contribúan a reducir o noso saldo comercial negativo e, por outra, a mellorar a competitividade de sectores e grupos empresariais básicos da nosa economía coa finalidade de consolidar a súa actividade en Galicia.”

Aprobada por 41 votos a favor, 0 en contra e 33 abstencións.

Núm. 43

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que solicite do Goberno central a tramitación da lei orgánica que permita a asunción de competencias en materia de tráfico por parte da

futura Policía autonómica de Galicia, que se creará proximamente mediante lei deste Parlamento.”

Aprobada por 41 votos a favor, 0 en contra e 33 abstencións.

O que se publica para xeral coñecemento

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2004

José María García Leira

Presidente

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓN
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPÓSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727